

Errantes do mar.

A denominación de *cnidarios* é toda unha presentación dos animais aos que se aplica. Significa *ortigas*.

Nada fai intuir ese áspero lategazo; pero o certo é que os sinuosos tentáculos do cerianto prodigan descargas eléctricas; así paralizan ás presas que lle servirán de alimento.

Sen embargo, perante unha ameaza, este pólipo sésil refúxiase dentro da súa columna, que o fixa ao sustrato. Pode mesmo chegar a abandonala, e alá onde chegue terá que fabricar unha nova.

En realidade, non todos os *cnidarios* pican. Neste grupo hai animais de diversas orixes filoxenéticas. O que todos teñen en común son algunhas características morfolóxicas. Unha das máis notorias é simetría radial. Ademais, moitos deles son, polo menos durante algunha fase do seu ciclo vital, pólipos.

Os tentáculos tamén son un dos caracteres habituais dos *cnidarios*. Nos corais e as gorgonias case semellan pétalos de caraveliña, aínda que cando os pólipos están recollidos as colonias teñen un aspecto pétreo, inerte.

Pero, de súpeto, abren e pechan como diminutas estrelas escintilantes. Espasmos de vida; como dedos que pulsaran as cordas dunha guitarra de auga. Executantes dunha sinfonía perfeizoada pola evolución e na que tamén interpretan a súa melodía as partículas e o plancton que lles servirán de alimento.

Oito tentáculos indican unha filiación inequívoca: *octacolorarios*, *cnidarios antozoos*; na súa identidade está non deixar nunca de ser pólipos.

Polo contrario, os *cnidarios* escifozoos escapan da inmovilidade. As augamares son vagabundas. Unhas veces á mercede das correntes; outras, donas do seu destino, ao que se dirixen con movementos convulsos pero certos da potente musculatura que configura a súa umbrela.

O acalefo luminiscente adoita ter unha cor rosada, como de bailarina inocente, que disimula a descarga que soltará ao menor roce dos tentáculos; neles, os *cnidoblastos* – sensibles á presión, actívanse polo roce con outro organismo –; é entón cando é disparado un dardo cargado de substancias urticantes. Se o animal que desencadeou o ataque é pequeno, quedará paralizado e a medusa cobrará a súa peza; se é grande, o acalefo terase defendido dun depredador e, se cadra, terá tempo para fuxir.

Estas descargas eléctricas que forman parte da súa natureza valéronlles ás medusas os nomes de *augamals*, tamén malaugas. E hai quen as chama augavivas, e mesmo bágoas de mar. Quizáis as bágoas sexan o máis parecido a estes animais, xa que o 95% da súa materia é auga salgada; e a pesares desa simplicidade, son un derroche de formas e cores, unhas veces suaves e outras estridentes.

Os peixes que nadan enleados nos tentáculos limpan incansables os restos; a cambio, avanzan seguros entre os tremores ásperos da medusa, sólida fortaleza submarina, malia a fragilidade da súa natureza acuosa.

O mar está cheo de arrepíos, escribeu Gómez de la Serna: debía de estar a ollar unha medusa. Pero tamén suxiren fermosas danzas; movementos rítmicos e suaves ondulacións da umbrela. Unha sensación que se revela falsa cando en enxames se achegan ás praias, ese territorio que os humanos cren seu.

As medusas, alleas a outras vontades, seguen a deambular polo mar: o seu lugar e a materia da que están feitas. Sen auga nin sal son uha xelatina que escoa entre os dedos e que se evapora. Pero namntres permanezan baixo a auga, vagarán errantes, trementes, etéreas e urticantes. Así son as bágoas cando están feitas de mar.